

OS MUIÑOS DO RIO BOUZOS - CANGAS

O río Bouzós nace na Chan de Ermelo, a uns 350 m. sobre do nivel do mar. Descende polo Outeiro Grande e a Pedra da Edra formando unha pequena cascada. Segue pola Fraga ata o Carballal, Souto, Costeira, Devesa, Rosada, Sistro, Romarigo e Reboredo. Desemboca no Señal.


En Verín, recibe as augas do seu afluente principal, o Río das Presas. Xuntos forman a cunca hidrográfica máis ampla do municipio. Iste é un dos motivos que xustifican a grande proliferación de muiños na parroquia de Coiro.

Segundo as investigacións feitas por D. Lauro Pedreira Ares hai documentacións do século XVI, referidas ós muiños de Coiro. A documentación mostra uns feitos que os teñen como protagonistas: pleitos, arrendamentos, arranxos, aforamentos, ventas... Todo isto amosanos unha grande actividade económico-social dos muiños.

Tódolos muiños do río Bouzós son de rodicio horizontal, e de unha ou dúas rodas "negreiras (para

moer millo e centeo), agás un, situado en Reboredo que ten tres rodas.

As construcións sitúanse perto do cauce do río, aproveitando os desniveis do terreo co fin de adequerir a presión necesaria para o funcionamento do muiño. A



auga chega a elas mediante a construción dun regato, chamado "canle". O terreo que queda entre este e o río denomínase "Ansuela". Segundo o seu tamaño, poden abarcar distintos tipos de cultivos; dende comareiros e hortas nos máis extensos, a salgueiros, amieiros e outras árbores nos máis estreitos.

As construcións presentan unhas características comúns:

Todos teñen pranta rectangular

Están divididos en dúas partes, separadas por un tabique, normalmente feito de madeira; pero hai tamén

algún de ladrillo ou de pedra. Na estancia da entrada habitaba ou dormía o muiñeiro/a. Na outra parte era onde estaba o muiño, e aquí moitos presentan as paredes con llanos e un teito de madeira. Noutros, que semellan ser máis pobres non existen estes dous elementos

Eran construídos con pedra, pero en só poucos casos eran pedras grandes. A maior parte son de paredes grosas e de pedras pequenas.

Segundo a forma do tellado atopamos dous tipos:

- a) Tellado con cuberta e dúas augas
- b) Tellado con cuberta e unha soa auga.

Existen tamén dúas clases de "Cubos":

- a) Con caída en rampa. Predominante en Coiro.
- b) Con caída vertical, chamado aquí en Coiro: "cubo de arca".

Posúen todos, unha ou dúas ventás ou xanelas, pero sen fiestras.

Algúns muiños presentan na súa fachada ou no interior varios tipos de sinais gravadas na pedra, como

cruces e iniciais, que non se atopan noutros muiños do Concello. Son abundantes nos muiños do Sixtro, Rosada e Devesa.


NUM 1.- MUIÑO DA CAROLA, LARANXO.-

Está situado en Reboredo. Pertence ás irmás, Margarita e Pilar Boullosa.

Na actualidade, a construción atópase semi-abandonada. As paredes están ben conservadas. O tellado, a dúas augas, presenta algúns buratos. É un edificio maior que calquer outro muiño, xa que ten adosada unha vivenda, que anteriormente habitaba o muiñeiro.

O máis importante deste muiño é que tiña tres rodicios. No seu interior consérvanse os tres pés coas súas moas correspondentes, e no exterior podemos ollar unha longa canle, ancha e empedrada na entrada dos tres cubos. É polo tanto o único do río Bouzós que presenta estas características, e pode que tamén sexa de todo o Concello de Cangas.

É de supoñer que tivo que ser un muiño de gran actividade, dada a súa proximidade ó centro da Vila. Hai que ter en conta que moitos habitantes de Cangas tiñan



propiedades nas distintas aldeas do municipio. As rendas que recibían por elas, solían ser en millo. Tiñan logo que vendelo ou levalo a moer. O muiño que estaba máis preto era este.

Este muiño, segundo as súas donas, pertenceu os seu antergos que arrendaban a un caseiro. Este vivía coa súa familia na vivenda anexa ó muiño, e atendía a este e as terras. Este muiñeiro cobraba o seu traballo en cartos ou coa "maquía".

O parecer, a muller do derradeiro muiñeiro, chamábase Carola, de aí que na actualidade coñécese con este nome a este muiño. Segunda a dona o seu nome é muiño do Laranxo.

NUM.2.- MUIÑO DE NELOS.

Está situado en Romarigo. Na actualidade está bastante abandonado e cuberto de vexetación, aínda que se pode penetrar nel. Polo exterior, podemos observar resto da canle a a entrada dos dous cubos, xa que este muiño posúe dous rodicios.

Adosada a construción, hai unha vivenda tamén abandonada. Podemos ollar o demáis, un fermoso

horreo? de pedra na ben coidada horta que rodea ós edificios. Pertence a un dos herdeiros: Familia Ferral, herdeiros de Gracians Pastoriza, de Maximino Pérez e outros.

NUM. 3.- MUIÑO DE CHUCO OU MAGDALENA.-

Era un edificio con vivenda no andar superior, onde vivía o muiñeiro coa súa familia, xa que este muiño era dun só dono que o arrendaba. O derradeiro muiñeiro foi o señor Chuco, finado fai poucos anos. A súa familia seguiu vivendo nel ata hai uns anos en que muiño e terras foron adquiridos polo industrial Manuel Pastoriza.

Este muiño tiña dúas rodas. Na actualidade os rodicios están soterrados xuntamente coa canle. Pódese ollar as pedras do cubo. O interior do muiño estano empregando como galiñeiro. A vivenda está en ruínas coas ventás rotas e sen cristais.

A súa beira construíron unha nave industrial. Está situado preto da carretera no lugar de Romarigo moi cerca da ponte.

NUM. 4.- MUIÑO DO BUBELO.-


Está situado en Verín. A construción presenta bastante bó estado, totalmente descuberto de vexetación. O tellado, a dúas augas, está bastante deteriorado na parte que corresponde propiamente ó muiño, xa que hai unha parede de ladrillo separandoo doutra estancia maior. Nesta parte, o tellado ten unhas boas vigas de suxeción e presenta mellor aspecto. Neste espacio gardan aperos de labranza, herba seca, palla. O muiño conserva o pé, a mó, a moega en bastante bó estado, pero tirada no chan. hai tamén restos dun faído, e as paredes interiores están con llanos e encaladas.

Pertence ós H. de Jesús Fernández.

NUM. 5.- MUIÑO DO PAZO.-

Está no recinto do Pazo do Sixtro. É moi doado de chegar ata el, xa que a estrada hacia o Sixtro e Verín pasa xusto diante dos rodicios.

Consérvase en bo estado, aínda que sufriu cambios. Antes tiña dous rodicios. Na actualidade só se conserva un en funcionamento. O outro foi desmontado.



Pertence a un dos donos do pazo, Antonio Alonso.

NUM. 6.- MUIÑO DE CRISELDA.-

Está ubicado no Sixtro. Podemos chegar ata él, por un carreiro que vai a par do río, dende o Pazo ata Novás. Pertence a Criselda Pastoriza.

A construción está semi-abandonada, aínda que en bastante bo estado. Na fachada descubrimos unha serie de signos e cruces gravadas nas pedras que forman a porta.

NUM. 7.- MUIÑO DE CECILIA CHAPELA.-

Atópase a continuación do anterior. É propiedade de Cecilia Chapela, veciña da Rosada, onde posúe outro muiño. Está algo descuidado, coas paredes cubertas de hedras. Dende que se deixou de moer nel, emprégano para garda-la palla do millo, madeira e outros apeiros, segundo nos dí a filla da dona.

O máis curioso deste muiño, é que ten unha longa pedra no exterior por riba do ollo do rodicio. Subidos

nela podemos olla-lo interior, donde se conserva o pé e mo.

NUM. 8.- MUIÑO DA CANASA.-







Fig. 2.- Alzados, planta e sección do Muiño da Canasa





Fig. 3.- Alzados do Muiño da Canasa

Está localizado na Rosada, pero podemos chegar a él polo mesmo carreiro cos anteriores.

Este muiño ten moitos herdeiros, algúns son: A. Ríos, Ramón González, Jesús, etc.

Está en ruínas, fáltalle a porta e está totalmente cuberto de silvas, hedras e demais vexetación. Na parte interior do oco da porta observamos tamén cruces gravadas, iniciais e o mesmo esque que atopamos no muiño de Criselda. ¿Cál é o significado? Pode ser que sexa a firma do canteiro que fixera ámbolos dous muiños, ou dun herdeiro que tivese herencia neles.



NUM. 9.- MUIÑO DE PORTELA.-

Está situado na Rosada a continuación do anterior, a uns trinta metros aproximadamente.

Era un muiño de herdeiros. Fai uns anos Juan Boubeta Costas mercou a maior parte destas herencias e restaurou o muiño.

Na actualidade está totalmente restaurado e en funcionamento. Calquera persoa que desexe moer, pode facelo mediante pago.

Nas pedras da porta hai inscristas varias cruces.





Fig. 4.- Sección e alzado do Muiño de Portela






Fig. 5.- Alzados do Muiño de Portela

NUM. 10.- MUIÑO DE NOVAS.-

Está ubicado en Novás, lugar de Sixtro. ten facil acceso, xa que queda preto da carretera, en frente das casas de Novás.

E un muiño de herdeiros; entre eles Valentín Pastoriza, herdeiros de Manuel Pastoriza (o popular Manuel de Braulio), José Camaña, Maximino e moitos máis.

Na actualidade segue en funcionamento, xa que en él moen moitos dos herdeiros.

Ten unha cruz na porta.

NUM. 11.- MUIÑO DA CANTEIRA.-

Está localizado na Rosada, perto tamén da carretera a uns 25 metros aproximadamente.

Os seus propietarios ó parecer son de San Pedro (Darbo), xa que estas xentes mercaban propiedades nos muiños de Coiro.

É tamén muiño de herdeiros.

Na actualidade está en ruínas, totalmente cuberto de vexetación. Conserva o rodicio afundido na auga.



É imposible penetrar no edificio, por mor das silvas que pechan a entrada.

NUM. 12.- MUIÑO DO CEGO.-

Está localizado na Rosada, queda enfrente da estrada, pegado á vivenda dunha das herdeiras: Argentina Bernárdez.

Os propietarios do muiño son Herdeiros da familia Portela e outros.

Na actualidade está en bo estado de conservación, e en funcionamento xa que moen bastantes herdeiros.



NUM. 13.- MUIÑO DE CECILIA CHAPELA.-

Está localizado na Rosada, a uns 50 metros do anterior, tamén ó lado do camiño. A propietaria é Cecilia Chapela. É o segundo muiño que posue. En ámbolos muiños moia millo de seu e de outra xente que requerise os seus servicios.

Está semiabandoadado. O rodicio está desprendido do pé. Non hai tampouco restos do arrieiro. Anexo hai un pequeno cuarto sin tellado, e cunha pequena fiestra.

NUM. 14.- MUIÑO DOS FANICOS.-

Está situado na Rosada a poucos metros do anterior.

Os propietarios son os herdeiros da familia Xestido.

Está abandoadado. As paredes están ben conservadas, xa que ten boa sillería, cuberto de vexetación.

NUM.-15.- MUIÑO DE FAUSTO.-







Fig. 7.- Seccións, plano e alzado do Muiño de Fausto






Fig. 8.- Alzados N. e S. do Muiño de Fausto

Está na Rosada, moi doado de acceder a él. Ubicado a uns 30 m. da carretera.

Era un muiño de herdeiros. Na actualidade este muiño foi restaurado con axuda oficial e privada formándose un patronato que cuida do seu mantemento, e fomenta a visita de escolares ou familiares para facer un acercamento ó mundo dos muiños.

O seu estado é excelente, practicamente novo, xa que foi totalmente restaurado no ano 1.990. Antonio Queimaño Barreiro, é o encargado da instalación.

Perto hai unha fonte chamada "Das Ameneiras", din que a súa auga é boa para evita-la caída do pelo.



NUM. 16 e 17.- MUIÑOS DE TELMO.-

Estes muiños estaban situados nunha gran finca, lindante co río Bouzós. Decimos estaban, porque na actualidade só quedan restos deles. Eran dous muiños, un a continuación doutro. Funcionaban coas augas dun regato que desembocaba no río Bouzós.

Ambolos dous muiños tiñan unha vivenda adosada. Na actualidade, no da parte superior, remodelaron a vivenda, e a cocíña ocupa o que era o muiño. Podemos observar semicuberto o ollo do rodicio. O pé está deitado diante da casa.

No muiño da zona inferior, so quedan as paredes, e o rodicio colocado no interior do muiño.

Estes muiños pertence a dona Remedios, viuva de Martín Molanes.

NUM. 18.- MUIÑO DOS SALGUEIRIÑOS.-

Situado na Devesa. A súa localización igual que os dous seguintes é difícil xa

que a espesa vexetación invade os carreiros.

Pertence a varios herdeiros, da familia Gestido (Potes).

O seu estado é de total abandono.

Apenas é visible dende o carreiro. Está totalmente cuberto por unha cortina de salgueiros, e silvas. A canle tamén está bastante soterrada.

NUM. 19.- MUIÑO DOS TECELANS.-

Ubicado na Devesa. Pertence a metade a Silda Gernade Costas, o resto a Angela Costas Casqueiro, e os herdeiros dos seus irmans, José e Antonio.

A construción está totalmente cuberta de silvas, e apenas é visible. Diante da porta hai unha laxe que ten unha inscrición que dí: AVE MARIA, AVE e tamén outras letras apenas lexibles por mor do lixo que acumula a laxe.

NUM. 20.- MUIÑO DE MARTIS.-

Está a par do muiño de Teceláns, na Devesa.

Pertence a metade os herdeiros de Francisco Freixomil, e Jacinto o Canteiro. A outra metade é dos herdeiros de María, Antonio, José

e Valentín Camaño e Pilar Camaño.

O seu estado é bó xa que é outro dos poucos que aínda está en funionamento.

Na porta ten unha curiosa lenda:

CRUS +
Esta porta é de todos
non troques con ela
DEMOIV

NUM. 21.- MUIÑO DOS SALGUEIROS.-

Ubicado na Devesa. Debemos baixar ata o lavadeiro e a chamada fonte da Devesa. A esquerda hai dous muiños. O segundo, é o muiño ó que nos referimos. Pertence tamén a herdeiros aínda que ninguén nos puido informar con seguridade de algún deles.


As paredes de construción son sólidas. O tellado está semiderruido. Non ten horta. No seu interior consérvase o pé e a mo.

NUM. 22.- MUIÑO DOS BARCAS.-

Situado na Devesa, á dereita do anterior.

Os propietarios son a familia Antepazo descendentes da famosa Pepa da Barca.

Está abandonado, e cuberto de vexetación aínda



que podemos olla-las paredes de boa silleira, e semella que tamén tivo vivenda.

NUM. 23.- MUIÑO DO CANUDO.-

Ubicado na Devesa. Ten o tellado a unha soa auga, pero está en ruínas e totalmente cuberto de vexetación.

É un muiño de herdeiros, os principais da familia Santos.

NUM. 24.- MUIÑO DE PORTANEGRA (XAN MOLANS).-

Está a continuación do anterior. Presenta moi bo estado de conservación. No seu interior conserva o pé, a mo e restos dunha división de madeira. No exterior, podemos ve-lo rodicio. Está rodeado dunha viña moi ben coidada e observamos unha cepa que coidamos pode ser centenaria polo gran grosor que posúe.

Pertence ós herdeiros dos Queimaños, Hermidas e outros.

NUM. 25.- MUIÑO DE ABAIXO NUM. 26.- MUIÑO DOS CAMPIÑOS.-






Fig. 9.- Plano dos Muiños. Sección e Alzado do M. de Abaixo





Fig. 10 .- Alzados e Sección do Muiño dos Campiños

Están situados na Costeira, preto da ponte da estrada que leva á Magdalena. Son dous muiños que están un a continuación doutro. O da parte de abaixo moía con auga que saía do rodicio do da parte superior. Ambos os dous están abandonados e cubertos de vexetación.

Do muiño da parte superior, só podemos ver a parede con pincho polo lado de poniente, e tamén a ou-



tra hacia o sur, onde está o rodicio. O tellado é de dúas augas.

O muiño da parte inferior é pola contra de tellado e unha soa auga. O cubo semella que é vertical, xa que está cheo de vexetación, e incluso uns salgueiros parecen sair do seu interior.

Dentro do muiño consérvase o pé e a mo. Como dato curioso destacar a existencia dunhas paredes de ladrillo con llanos de un metro de altura aproximadamente redeando o pé.

Os donos destes muiños son tamén herdeiros, o parecer de Parada: Fernández, Queimaños e outros.

NUM. 27.- MUIÑO DO SOUTO.-

Está situado no Souto (Carballal) ó lado da ponte que cruza a carretera, e visible dende esta. Pertence a Jesús Gestido e a súa dona Catalina Bernárdez.

Está ben conservado, sendo o derradeiro que moe de todos na actualidade.

NUM. 28.- MUIÑO DA BARRONCA.-








Fig. 11 .- Alzados e plano do Muiño da Barronca

Para chegar ata él, hai que ir por un camiño que parte dende o Souto (frente a Casa da Mangallona ou Casa das Meigas, hoxe estudio do pintor Camilo Camaño Xestido) e vai a par do río.

Este muiño está en ruínas e cuberto de maleza. Apenas é visible dende o camiño, pero podemos ver que ten unha canle moi estreita e de pedra, que forma unha pequena ponte para alcanza-lo cubo. É o único que existe deste tipo no río Bouzós. A construción ten tellado e unha soa auga e o cubo semella vertical.

É muiño de herdeiros: Queimaños.

NUM. 29.- MUIÑO DOS CANTEIROS




Fig. 12.- Alzado e Sección do Muiño dos Canteiros





Fig. 13.- Planta e alzados do Muiño dos Canteiros

Ubicado no Carballal, polo mesmo camiño que o anterior. Está construído a par do río, o que hai que cruzar por enriba dunha longa pedra, para poder entrar nel. Está abandonado, aínda que se conserva en bo estado, o non estar cuberto de vexetación. As paredes son moi sólidas, ten unha pequena vivenda adosada, sen tellado. O muiño posúe dous rodicios. No interior, un dos pés non está no seu sitio.

Pertence a Francisca Lovera Barreiro.

NUM. 30.- MUIÑO DA MANOTA.-




Fig. 14.- Planta e alzado do Muiño da Manota








Fig. 15.- Alzados e Sección do Muiño da Manota

Localizado a uns 30 metros do anterior, é o derradeiro muiño do río Bouzós. Está, como a maior parte dos anteriores, en ruínas e cuberto de hedras, pero pódese penetrar no seu interior, onde conserva o pé e tamén o rodicio, que os seus donos deberon gardar alí. Tamén é muiño de herdeiros, entre eles, está a Casa Rectoral.

NUM. 31.- MUIÑO DE RIMOJE

Está situado no barrio do Sixtro. É o único muiño do río das Presas, afluente do Bouzós.

Na actualidade, o muiño está en ruínas. Fáltalle o tellado. No seu interior conserva o pé e a mó. A edificación é visible xa que está limpa e descuberta, sen ningún tipo de vexetación que a cubra.

Este muiño é bastante diferente dos demais. Corresponde ó tipo de construción que existe en Aldán, Donón, Darbo, ... A cuberta do tellado é a unha soa auga e o cubo é de caída vertical, o chamado "cubo de arca".

O parecer, este muiño pertenceu ó Pazo da Retirosa, pero un dos donos deixou-llo en herencia á sogra de Agustín Iglesias, Na actuali-

dade pertence ós seus herdeiros.

RELACION DE MUIÑOS

Nm....	Nome.....	Localización
01.-	Carola - Laranxo	Reboredo
02.-	Nelos - Graciana	Reboredo
03.-	Magdalena - Chuco	Romarigo
04.-	Bubelo - Montejano	Verín
05.-	Pazo	Sixtro
06.-	Criselda	Sixtro
07.-	Chapela	Sixtro
08.-	Canasa	Rosada
09.-	Portela - Mosquera	Rosada
10.-	Novas	Sixtro
11.-	Canteira	Rosada
12.-	Cego	Rosada
13.-	Cecilia	Rosada
14.-	Fanicos	Rosada
15.-	Fausto	Rosada
16-17.-	Telmo-Martín-Remedios	Devesa
18.-	Salgueiriños, dos Potes	Devesa
19.-	Tecelans	Devesa
20.-	Martís-Freixomil-Berenxo	Devesa
21.-	Salgueiros-Vouvou	Devesa
22.-	Barcas	Devesa
23.-	Canudo	Devesa
24.-	Portanegra.....	Costeira
25.-	De Abaixo	Costeira
26.-	Dos Campiños	Costeira
27.-	Do Souto	Carballal
28.-	Dos Salgueiriños-Barronca	Carballal
29.-	Dos Canteiros.....	Carballal
30.-	Da Manota-Rio da Laxe	Carballal
31.-	De Rimoje.....	Sixtro

